# Cairón

**BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS**

**Nº 1. MARZO DE 2017**

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*







Patrimonio:
Vilar de Donas

CÓMPRE A IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS, O AUMENTO DA CONCIENCIA SOCIAL E A HABILITACIÓN DOS PROFESIONAIS PARA PRESERVAR UNHA ARQUITECTURA POPULAR ADAPTADA AOS TEMPOS. AO LONGO DOS ANOS, ESTA FOISE TRANSFORMANDO, NON SEMPRE DE MANEIRA COHERENTE, RESPECTUOSA E ÚTIL

# *VILAR DE DONAS: A TRANSFORMACIÓN DA CASA TRADICIONAL*

/DIVINA PÉREZ VIÑA

A arquitectura tradicional conformou as nosas paisaxes e os escenarios da nosa historia, sendo un dos ámbitos patrimoniais máis rico e variado pola súa enorme diversidade, a súa fascinante creatividade e a perfecta harmonía co medio natural. A súa importancia é enorme como expresión dunha sociedade, como reflexo das condicións xeográficas e soporte do patrimonio inmaterial. Considérase arquitectura tradicional ao conxunto de construcións que xorden da implantación dunha comunidade no seu territorio e que manifestan na súa diversidade e evolución, a súa adaptación ecolóxica, tanto aos condicionantes e recursos naturais como aos procesos históricos e modelos socioeconómicos que se desenvolveron en cada lugar[1].

Os factores que definen esta arquitectura segundo Feduchi son tres: o clima, a terra e o home. O clima é a causa máis

[1] Plan Nacional de Arquitectura Tradicional del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

influente na composición da casa; tanto na súa forma, orientación, tipo de cobertura, dimensións dos ocos, situación da entrada, illamento dos muros, situación do lar e a propia forma en si mesma. Da terra selecciónanse os materiais propios do lugar máis aptos para a construción da casa e o home ten un carácter espiritual; é a elección do ambiente para a localización da casa. Isto constitúe un fenómeno psíquico consuetudinario cara un lugar. Independentemente, de se ese lugar é o máis idóneo para a construción da casa[2].

Podemos definir as características da arquitectura tradicional nos seguintes puntos[3]:

- Enraizamento na terra, no pobo e na tradición da zona na que se asenta, onde as innovación non son gratuítas, todas responden a algo.
- Predominio do sentido utilitario, onde todo responde ao sentido común.
- A economía presentase como factor importante que se reflicte nunha economía de medios e materiais, caracterizados pola sobriedade.
- As complicacións construtivas son a suma de outras máis simples, polo xeral os planeamentos son simples e inxenuos que provocan fallos estéticos.
- Materiais pertencentes a época preindustrial.
- Despreocupación polos efectos plásticos e visuais, aínda que se ennobrecen estas construción con cariño e esforzo, así como o uso de materiais naturais.
- Persecución no modo de facer unha obra definitiva, non provisional. Polo xeral, son módulos unifamiliares, en que as construcións complementarias teñen grande importancia.
- Inexistencia de estilos históricos.
- Non se expresan conceptos xerais, ni universais, ni simbólicos, é sempre un reflexos da vida do lugar, lonxe da idea de conforto.
- É unha arquitectura existencial que se prolonga máis alá da casa con outros elementos como soportais, galerías...
- Estas construcións non foron obxecto de especulación.

[2] Feduchi, L. (1974). *Itinerarios de arquitectura popular española. Tomo I*. Barcelona: Editorial Blume.

[3] Flores López, C. (1979). *La España Popular*. Madrid: Aguilar S.A. Ediciones.

Tendo en conta estas características podemos considerar a arquitectura tradicional como aquela pertencente a época preindustrial. No caso de España, podemos referirnos á anterior ao *desarrollismo* franquista que se produciu a partir dos anos 50 do século pasado.

> «A casa–vivenda galega, aínda que tendo una gran variedade de modelos, conta con unhas características construtivas espaciais e funcionais comúns a todos eles. (...) o complexo rural (...) presenta diferenzas nas súas súas expresións arquitectónicas básicas e de orden funcional»[4].

[4] Caamaño Suarez, M. (2006). Galicia. *As construccións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia.* A Coruña: Hércules de Ediciones.

As tipoloxías van en función do modelo económico que as xera, sendo un modelo autárquico, é dicir, determinado polo clima e o medio, os factores sociais, a economía e compoñentes de carácter cultural dando lugar. A casa tradicional non permaneceu inmutable no tempo, senón que foi evolucionando e transformándose para irse adaptando as necesidades dos usuarios en función da tecnoloxía da época e da economía de cada momento. No caso de estudo da aldea de Vilar de Donas podemos distinguir claramente catro etapas.

## 1. A CASA DO SÉCULO XVIII

As primeiras vivendas das que se teñen constancia son do século XVIII. Convivían as casas de planta terrea con vivendas de «dúas plantas». As vivendas de planta terrea desapareceron no tempo deixando constancia da súa existencia no Catastro de Ensenada. As vivendas de dúas plantas caracterizábanse por aproveitar o desnivel do terreo para construír unha segunda altura. En xeral, estaba configurada por paredes grosas duns 70 cm en cachotaría de pedra. Sobre os muros descansaba un armazón de madeira que servía de soporte para as lousas do tellado.

O programa funcional da vivenda era moi básico, na planta baixa situábanse as cortes separadas por uns chantos de pedra da cociña, que simplemente dispoñía dun pequeno lar, un sinxela pedra no chan para facer o lume. A saída ao exterior do fume do lar producíase a través dunha pequena trapela situada no teito. Dende a cociña, por unha pequena




**Lenda**
1 entrada; 2 cociña;
3 corte; 4 barra; 5 cuarto

Planta baixa e planta alta casa de século XVIII en Vilar de Donas

Fonte: autora a partir de datos recollidos no local

escaleira, accedíase á parte superior formada por un cuarto xurdido como prolongación da barra, separando por un simple taboleiro en madeira. A barra era un pequeno taboado situado enriba do lar nun plano horizontal que se usaba como secadoiro dos alimentos. Os ocos na planta baixa eran tragaluces que achegaban ventilación á vivenda. Ademais da porta da entrada, eran os únicos elementos de iluminación interior. No cuarto había unha xanela con carpintarías de madeira e contras polo interior.

## 2. A CASA DO SÉCULO XIX

Ao longo do século XIX, o perfil da casa muda. Foi nese século cando se construíron a meirande parte das vivendas tradicionais e se ampliaron as casas do século XVIII, aproveitando o desnivel do terreo para medrar de modo liñal no sentido descendente da pendente. Desapareceu a casa terrea e consolidouse a casa con sobrado. Esta xa é unha vivenda de maior tamaño na planta e no alzado, e tende a unha xeometría máis pura de forma cadrada ou rectangular. Búscanse os terreos con menos pendentes para a súa implantación.

Na casa con sobrado sepáranse os usos. Na planta baixa concéntrase a cociña e as cortes separadas por taboleiros e na parte alta están os cuartos. A barra permanece sendo un elemento de transición entre a cociña e os cuartos. A cociña é un espazo multifuncio-

nal e o núcleo principal da casa. A lareira é o elemento máis importante da cociña, que actúa como distribuidor do espazo. Arredor desta atópanse os escanos, bancos e tallos, onde senta a familia para comer, falar ou descansar. Tamén está a mesa de alzar, que se abate para non ocupar espazo cando se fan labores distintos da comida. O mobiliario completaríase coa maseira –en que se amasaba o pan–, unha arca e o vertedoiro situado sempre baixo a fiestra. Embutidas nos muros podemos atopar lácenas para gardar provisións, ademais dun cunqueiro e o canteiro.

Na parte alta da casa está o sobrado, un espazo aberto sen divisións. No caso de habelas, son os muros portantes os que dividen espazos, como ocorre nos casos de ampliacións de vivendas. A moblaxe é sinxela, simplemente algunhas camas e arcas para gardar a roupa. No caso de haber varias estancias, a de maior tamaño reservarase para a sala de respecto (onde se come nos días de festas e celebracións ou se velan os mortos). Esta distínguese das outras por contar cunha mesa grande e un chineiro. En casas máis pequenas todos eses elementos atoparanse dentro dun só cuarto.

Os ocos son de pequenas dimensións. Ábrense xanelas na parte alta da casa e na cociña, evitando sempre a fachada norte, que na maioría dos casos é cega. Na cortes hai pequenas bufardas. De maneira illada, aparecen pequenos balcóns no primeiro piso. As paredes exteriores recébanse polo interior con morteiros de cal e con encalados de acabamento. No exterior, as paredes locen a pedra vista.





1. Cociña na actualidade dunha casa de Vilar de Donas abandonada dende os anos 80

2. Sala de respecto na actualidade dunha casa de Vilar de Donas

### 3. A CASA DO SÉCULO XX

Durante a primeira metade do século XX, a casa rural apenas ten diferenzas coas vivendas decimonónicas, tal e como constata Rapoport: «A existencia dun modelo aceptado con moi poucas innovacións tivo como forte resultado a persistencia da forma». Consolídase a vivenda de dúas plantas con tendencia á forma cadrada. Mantéñense os mesmos usos e o mesmo esquema de distribución, con algunha pequena diferenza, xa que aparecen elementos de transición entre as cortes e a cociña, un pequeno corredor do que arrancan as escaleiras ou un celeiro onde están a tulla e o salgadoiro.

### 4. A TRANSFORMACIÓN DA CASA TRADICIONAL A PARTIR DOS ANOS 50

A partir dos anos 50, a casa–vivenda tradicional comeza unha transformación que chega aos nosos días. Durante ese proceso sofre alteracións que afectarán de maneira xeral ao sistema construtivo, aos materiais e á forma. Os muros exteriores, nalgúns casos, padecen transformacións, como o encintado das xuntas da cachotería con morteiros de cemento pintado con pintura plástica de cor branca. Noutros casos, recébase toda a fachada con morteiro de cemento, deixando á vista os recercados nos ocos e os xuntoiros alternos nas esquinas en forma de cremalleira. Mesmo se chega a pintar por riba do recebo liñas en cor branca simulando pedras de cantaría.

Para conseguir altura, úsanse materiais industrializados, principalmente tixolo e formigón revestidos con laminas de pedra que simulan os cachotes de pedra. A intención é acadar unha continuidade coa fachada, aínda que dependen-






1. Recintado con morteiro de cal

2. Morteiro continuo en cemento

3. Recintado con cemento con pintura

4. Aumento de altura con materiais industriais

do de en que etapa se fai, conséguese este efecto ou non. Ás veces, téntase gañar espazo no interior e retíranse a maior parte dos cachotes do muro, reforzándoo con formigón armado. Aínda que, de momento, non se aprecian perdas de estabilidade, é posible que nun futuro cheguen a aparecer diversas patoloxías coma alombamentos, gretas, fisuras... dado que normalmente estas reformas realízanse sen ningunha clase de dirección facultativa. O que si é seguro é que medran as perdas enerxéticas ao minguar a capacidade de inercia térmica das paredes.

En etapas máis recentes, obsérvase unha mudanza nestas prácticas. Procúranse accións menos invasivas coma o encintado con morteiros de cal hidráulica. Malia que esta é unha practica habitual na rehabilitación, o seu uso non é moi axeitado, porque a función do morteiro non é o amarre dos cachotes, senón facer unha cama ás irregularidades das

pedras para distribuír as cargas e garantir a durabilidade da cachotaría evitando fisuras e gretas nos cachotes. Por iso o recomendable nestes casos é o uso de morteiros de cal aérea ou ben de arxila no caso de que existisen previamente, amais da recuperación do revestimento con morteiro tradicional.

A retirada do morteiro exterior en edificios e vivendas tradicionais, que deixa o soporte do muro á vista, é unha práctica habitual en toda a xeografía española, e tamén na rehabilitación da arquitectura en Galicia. Esta práctica é sumamente agresiva dende o punto de vista construtivo, enerxético e, por suposto, estético. Esta mala praxe muda as condicións estéticas e visuais, posto que a visión de conxunto se altera substancialmente. Amósase unha imaxe confusa e primitiva que distorsiona a percepción da paisaxe. Os morteiros tradicionais encargábanse de evitar a infiltración da auga de chuvia e actuaban coma unha capa de illamento que melloraba a resistencia, a durabilidade e a transpirabilidade da vivenda. A eficiencia enerxética tamén se ve modificada: o morteiro exterior evita o enfriamento do muro durante o inverno e o sobrequentamento do muro na tempada de verán, polo que aproveita as condicións vivideiras no interior. Amais, diminuía as condensacións nas caras frías de muro e melloraba as condicións interiores de humidade. Esta circunstancia resulta vital no caso de climas chuviosos como o galego, dado que a sensación de desconforto é moi marcada en situación de humidade ambiental elevada[5].

[5] Fariña Tojo. (2014). *Arquitecturas desolladas.* En El Blog de José Fariña. *Urbanismo, Territorio y Paisaje*

É frecuente a apertura de ocos novos e/ou a ampliación dos existentes. Na procura de mellor confort térmico, múdanse as carpintarías tradicionais de madeira. Nunha primeira etapa, por carpinterías de aluminio. Despois, por carpinterías de PVC en cor branca. Mesmo conviven ambos os dous tipos na mesma edificación. Este proceso afecta ás galerías, ás xanelas, ás portas. No caso das xanelas, a mudanza das carpinterías traslada, nalgún caso, o pano ao interior do muro. A xanela tradicional colocada enrasada no muro impedía que a auga de chuvia puidese penetrar na casa, ao esbarrar da xanela ao muro. Ao colocar a xanela no interior, a padieira fica exposta á chuvia. No caso dunha pequena perda do illamento da xanela ou dunha fisura, esta solución facilita

a entrada de auga no interior. Cómpre recuperar a xanela de madeira cos tratamento axeitados para a súa conservación e mantemento.

O forxado tradicional de madeira substitúese por placas de formigón armado. Tamén afecta a estrutura de madeira da cobertura, que pasa a ser de viguetas de formigón pretensado con placas de fibrocemento debaixo da tella. As placas de fibrocemento favorecen unha mudanza do material da cobertura que deixan de usar o xisto en favor da tella, debido á facilidade de colocación. Inda que este sistema non é o máis axeitado para estas casas tradicionais, posto que o fibrocemento trae engadido o amianto –que é cancerígeno– e ademais pérdese a transpirabilidade do tellado. Isto pode provocar humidades por condensación e alteración do confort interior, especialmente no verán, pola mínima capacidade illante deste sistema. Especialmente a humidade por condensación increméntase no caso de que o baixocuberta se transforme en planta vivideira cando se elimina o faiado. Por sorte, na maioría dos casos, o faiado consérvase nos cuartos como un falso teito e úsase o baixocuberta para zonas de almacenaxe. Así, mitíganse as consecuencias. A mudanza de materiais tamén afectou ás escaleira,s que nunha primeira etapa pasaron de madeira a formigón. Máis recentemente, revértese o proceso nas escaleiras interiores.

A funcionalidade da casa varía moito dende os anos 50. Retíranse os animais das cortes e estes espazos adáptanse para usos novos, como, sobre todo, a almacenaxe, pero tamén comedores, salas, baños, etcétera. Intégrase o baño na casa–vivenda, ademais das instalacións da luz, o gas, a auga corrente, a calefacción, o teléfono e máis recentemente Internet. Coa incorporación da luz van aparecendo todos os electrodomésticos de xeito progresivo. Aumenta o número de estancias e especialízase a súa funcionalidade. A sala de respecto pasa a ser un comedor, unha estancia independente. Os cuartos divídense en habitacións para garantir a intimidade dos membros da familia, usando tabiques de ladrillo recebados e pintados. Mais a peza que sufriu máis transformacións é a cociña. Primeiro múdase a lareira pola cociña de leña, ao tempo que se enlousa o piso térreo. Logo incorpóra-

se a cociña de butano –que convive coa cociña de leña–, pavímentase o chan con baldosa e revístense as paredes laterais con azulexo. Medra o número de electrodomésticos.

Nalgúns casos tamén hai unha alteración da forma da casa tradicional. Engádense volumes novos con linguaxes construtivas diferentes dos tradicionais, nomeadamente co sistema convencional de formigón armado. Ás veces chégase mesmo a un completo baleirado interior da casa para redistribuíla mediante o citado sistema. As construcións adxectivas vanse adaptando aos novos usos, como por exemplo garaxe, ou chegan a perdelos completamente e quedan como elementos ornamentais. Isto pode afectar ao hórreo pero tamén ao forno ou aos apeiros de labranza, que se converten en elementos decorativos.

## CONCLUSIÓNS

O patrimonio tradicional construído é a expresión da identidade dunha comunidade, da relación dos individuos coa contorna inmediato e co territorio. É a expresión da diversidade cultural no mundo, que forma parte dun proceso continuo que inclúe mudanzas necesarias e a continua adaptación como resposta aos requirimento sociais e ambientais. Para a preservación e adaptación das casas tradicionais cómpre manter uns principios de conservación e unhas liñas de acción guía para adaptación á vida contemporánea. De xeito xeral, a conservación debe ser realizada por técnicos expertos, ben pola vía do asesoramento ben mediante o proxecto técnico, segundo a intervención que se precise. Debe manterse a identidade cultural establecida dunha comunidade. As intervencións contemporáneas en casas tradicionais deben respectar o seus valores culturais e o carácter tradicional das construcións como parte integral da paisaxe.

Ao mesmo tempo, é preciso que as administracións se impliquen de maneira activa facilitando, motivando e propulsando a rehabilitación do patrimonio tradicional, especialmente na tramitación administrativa. Tamén cómpre man de obra cualificada, que coñeza os materiais compatibles cos tradicionais, as técnicas, en especial a recuperación

de oficios vinculados a artes aplicadas ao muro. Detéctase unha falta de formación evidente referente aos profesionais que interveñen ou interviron nas últimas décadas nas casas—vivenda tradicionais. Existe unha falta de concienciación e de cultura referente á arquitectura, neste caso concreto referente á calidade e aos valores que en si mesmo inclúe cada vivenda tradicional como elementos integrantes do patrimonio arquitectónico, vernáculo, paisaxístico, etnográfico. Como consecuencia deste descoñecemento –como sociedade e como individuos–, os propietarios das vivendas aceptan intervencións inaxeitadas nas súas vivendas que inflúen directamente no seu propio conforto e na preservación da vivenda.

¶

**BIBLIOGRAFÍA**


Caamaño Suarez, M. (2006): *Galicia. As construccións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia,* Hércules de Ediciones, A Coruña.

*Carta del Patrimonio Vernáculo Construído* (1999), Unesco.

De Llano Cabado, P: *Arquitectura en Galicia. Razón e construcción*, COAG. 1996. pp. 82–92

Fariña Tojo. (2014): *Arquitecturas desolladas,* en El Blog de Jose Fariña. Urbanismo, Territorio y Paisaje.

Feduchi, L. (1974): *Itinerarios de arquitectura popular española. Tomo I,* Editorial Blume, Barcelona.

Flores López, C. (1979): *La España Popular*, Aguilar Ediciones, Madrid.

Plan Nacional de Arquitectura Tradicional del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

Rapoport, A. (1972): *Vivienda y cultura*, Ediciones Gustavo Gili, Barcelona.

***CAIRÓN***
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017